

**Santiago de Compostela-Vigo, 17 de setembro de 2019.**

O **Colexio Oficial de Biólogos de Galicia** realiza xunto co **Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia** e o **Centro Oceanográfico de Vigo del Instituto Español de Oceanografía** unha nova curtametraxe para concienciar sobre a problemática dos lixos mariños.

“**Escoita ao mar**” é o título deste novo audiovisual impulsado pola “**II Rede para a recuperación dos ecosistemas mariños no PNMT Illas Atlánticas de Galicia**”, unha peza gravada na Praia de Rodas, no arquipélago de Cíes durante o pasado mes de agosto e que contou coa participación dun pequeno grupo de voluntarias e voluntarios de distintas nacionalidades do Cíes Work Camp, o campo de voluntariado impulsado pola Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia.

O vídeo pode visionarse a través das redes sociais e páxinas web do Parque Nacional e do Colexio Oficial de Biólogos de Galicia, dentro do apartado da II Rede, e súmase a “**Ponlle Remedio**”, a primeira das curtametraxes realizadas pola mesma e que conta xa con máis de 30.000 visualizacións en pouco máis dun mes desde a súa estrea.

O proxecto de loita contra o lixo mariño no que se enmarca esta nova curtametraxe é promovido polo Colexio Oficial de Biólogos de Galicia, o Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia e o Centro Oceanográfico de Vigo del Instituto Español de Oceanografía en condición de socios, e conta coa colaboración da Fundación Biodiversidade, do Ministerio para a Transición Ecolóxica por medio do Programa pleamar, cofinanciado polo Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP). Ademais, enmárcase no proxecto LIFE IP INTEMARES “Xestión integrada, innovadora e participativa da Rede Natura 2000 no medio mariño español”, que coordina o Ministerio, a través da Fundación Biodiversidade”.

**Colexio Oficial de Biólogos de Galicia**

<https://youtu.be/8T126q6ThTw>

<https://biologosdegalicia.org/ii-rede-recuperacion-ecosistemas-marinos-illas-atlanticas-galicia.html>

**Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia**

[http://www.parquenacionalillasatlanticas.com/index.php?option=com\\_content&view=article&id=223&Itemid=800&lang=gl](http://www.parquenacionalillasatlanticas.com/index.php?option=com_content&view=article&id=223&Itemid=800&lang=gl)

**Centro Oceanográfico de Vigo (IEO)**